

V Curso de Verán sobre Dinamización Lingüística, Traballando en Lingua
Do compromiso individual aos argumentos
Carballo (A Coruña)

MÉRCORES 15 DE XULLO 2009, 17:00 h

Bilingüismo e conservación do idioma

David Cobas Medín e Isabel Vaquero Quintela (coordinadores)

Limiar

O tema desta mesa de traballo foi proposto ao entendermos que o grupo sociolingüístico das persoas bilingües é o que maior interese presenta dende o punto de vista da planificación lingüística, tanto porque arestora é o grupo máis numeroso e está constituído por máis da metade da poboación (o 57,9%, segundo o MSG-04), como polo seu dinamismo. Ata agora ese dinamismo está desequilibrado, segundo todos os datos: trátase dun grupo que se está a nutrir, fundamentalmente, do grupo de persoas monolingües en galego e que, porén, non deixa de ser un estado intermedio cara ao grupo dos monolingües en castelán.

Cremos que unha intervención ben planificada cara a este grupo sociolingüístico pode ser chave na recuperación dos usos do noso idioma propio, e que o sentido dese carácter dinámico se pode subverter. Esta intervención, ademais, pode apoiarse nunhas condicións minimamente favorables: posúen xa unha competencia lingüística notable, usan en diversos graos e circunstancias a lingua que se pretende favorecer coa intervención e, cando menos en certos subgrupos como o estudado, tamén presentan actitudes favorables.

Porén, carecemos de estudos cualitativos dirixidos especificamente a fornecer información sobre os diversos grupos e subgrupos sociolingüísticos¹. Por iso a nosa mesa de traballo, a xeito de experiencia piloto, se baseou nun pequeno estudo propio, co obxectivo de tirar unhas conclusións de carácter xeral para o grupo estudado, das que poder partir nunha posible intervención planificadora a prol da lingua galega.

* Este texto distribúese baixo unha licenza [Recoñecemento-Compartir baixo a mesma licenza 3.0](#)



1 Os estudos máis completos e divulgados de tipo cualitativo dos últimos tempos non están orientados a este tipo de diversificación informativa en concreto, aínda que fornecen datos de moita utilidade neste senso. Referímonos aos estudos de Ana Iglesias, *Falar galego: no veo por que* (2002) e da RAG, *O galego segundo a mocidade* (2003).

A dinámica de traballo

Optamos por utilizar a técnica da entrevista en profundidade, gravada en audio, co obxecto de asegurar o máis posible a sinceridade e a liberdade destas persoas ao responderen as nosas preguntas, sen sentírense coartados pola presenza dos asistentes ao curso.

Entrevistamos cinco persoas, ás que lles formulamos, a grandes riscos, as preguntas que se recollen no **Anexo**, e procurando intervir o menos posible en relación ás súas respostas.

Os entrevistados constitúen un posible exemplo de subgrupo dentro do grupo sociolingüístico dos bilingües. Trátase de cinco bilingües converxentes con boas actitudes cara ao idioma, pertencentes a clases medias e con estudos superiores (agás unha persoa, con estudos medios por mor da idade).

Fronte a estas características comúns, diferéncianse nas idades (+50, +30, +20 - dúas-, 15), na lingua inicial (dous galegofalantes, dous bilingües, unha castelanfalante), na orixe xeográfica (rural, vilas, cidade).

A partir das gravacións obtidas, fixemos unha análise dos puntos coincidentes e das diferenzas que observamos entre esas persoas, as cales agrupamos baixo os seguintes epígrafes:

- Historia lingüística persoal
- Conduta lingüística actual
- Cambios na conduta lingüística
- Conduta lingüística en certas situacións
- Opinións sobre os cambios de lingua
- Opinións sobre o trato por razón de lingua
- Como se ven no futuro?
- A situación actual da lingua
- As razóns desta situación
- Cómpre actuar? Como?

A información obtida presentámola no grupo de traballo de dous xeitos:

- Como un pequeno resumo por escrito, no caso das historias lingüísticas e a conduta actual.
- Como unha escolma de cortes das gravacións de audio, nos restantes epígrafes

Xa que logo, como xa advertimos no desenvolvemento do grupo de traballo, a visión que obtiveron sobre o que pensan estas persoas está peneirada pola nosa propia subxectividade á hora de escolmar os fragmentos, e de resumir as máis de cinco horas de gravacións en só unha.

Presentamos tamén no **Anexo** a información transmitida das historias lingüísticas e da conduta actual, así como o resumo das opinións das persoas entrevistadas

mais sen os cortes de audio que se escoitaron durante o desenvolvemento do grupo de traballo.

Unha vez coñecidas no grupo de traballo as persoas entrevistadas e as súas opinións, procedemos a debater como se podería planificar unha intervención de cara a este tipo de persoas baseada nas informacións que nos forneceron, utilizando o seguinte guión:

- Interese do subgrupo
- Obxectivo xeral da intervención
- Obxectivos estratéxicos
- Mellora das competencias e outras cuestións lingüísticas
- Mellora da oferta de produtos en galego para o lecer e o consumo
- Mellora das actitudes
- Mellora dos usos
- O discurso

O resultado deste debate preséntase a seguir como “Conclusións do grupo de traballo”.

Conclusións do grupo de traballo

1. Interese do subgrupo

Enfrontámonos á análise dun grupo de falantes bilingües que teñen unhas características comúns, presenta unhas competencias, unhas actitudes e uns usos semellantes cara á lingua, incluso se pode dicir que comparten certas condicións sociais.

Ante isto débete sobre a conveniencia de adaptar os discursos aos diversos grupos sociolingüísticos, chegando ás seguintes conclusións:

- Vese como necesario ter intervencións diferenciadas adaptadas aos diversos grupos e subgrupos sociolingüísticos: monolingües en galego, bilingües e monolingües en castelán (e aos diferentes subgrupos que hai dentro destes tres grandes grupos). Tamén se apunta a necesidade de intervir sectorialmente.
- Débese crear unha intervención especial dirixida aos falantes monolingües en galego por convencemento, para que estes poidan actuar como axentes transmisores e irradiadores de argumentos favorables para o galego.
- No momento actual bótase en falta un discurso xeral, que sen obviar as intervencións específicas, axude a desmontar moitos dos prexuízos existentes na sociedade e que están a ser fomentados.
- Cómpre estudos cualitativos destes grupos e subgrupos que nos fornezan datos e información para unha posterior intervención máis rigorosa.

2. Obxectivo xeral da intervención

Os entrevistados din que queren aumentar os seus usos de galego, sen abandonar por completo o uso do castelán. Este proceso de incorporación da lingua debe ser progresivo, e tomando como base para a planificación non as persoas

concretas senón os diversos ámbitos de uso que deben favorecer os procesos de cambio (aumento do uso do galego) individuais.

3. *Estratexia da intervención*

Débese establecer etapas a curto prazo, metas específicas, tendo en conta a progresividade, con obxectivos alcanzables, tanto para evitar a frustración que pode xerar no grupo bilingüe metas que non compartan, como para os axentes planificadores e dinamizadores, por canto non se dan cumprido os obxectivos marcados.

Considérase conveniente diferenciar intervencións segundo as características sociolingüísticas territoriais, mais non se debe esquecer que as mensaxes e os discursos dirixidos a ámbitos ou sectores definidos tamén van ser escoitados por aqueles aos que non van dirixidos.

4. *Obxectivos estratéxicos*

No grupo dos bilingües semella máis estratéxico actuar para mellorar actitudes e usos, mediante a modificación das condicións dos diferentes ámbitos comunicativos, así como para crear produtos en galego, ca para mellorar as competencias, que cando menos no subgrupo estudado, semella demostrada.

As accións para mellorar usos e actitudes deben concibirse non de xeito illado, senón complementario.

5. *Mellora das competencias e outras cuestións lingüísticas*

O sistema educativo debe fornecer un nivel base de competencias lingüísticas para toda a poboación, que na actualidade é manifestamente mellorable en canto ás destrezas activas (expresión oral e escrita). As persoas entrevistadas entenden que un sistema educativo que non conteña unha alta presenza do galego como lingua vehicular non garante estas destrezas expresivas, que chegan a compararse co nivel de inglés que se adoita acadar e que non permite ter unha conversa ou unha redacción fluída a persoas que non poidan adquirir galego a través doutros medios, como pode ser a familia. Chegan, mesmo, a propoñer que a escola debe ter un efecto compensador dos déficits de lingua galega que poida haber nos medios de comunicación, nos produtos de consumo e de lecer, ou mesmo no mundo das relacións interpersoais, nalgúns ámbitos.

Por outra banda, aínda que as eivas lingüísticas que manifesta este subgrupo poidan interpretarse como un problema actitudinal que cómpre corrixir, é certo que a oferta para mellorar destrezas concretas e sobranceiramente habilidades lingüísticas relacionadas co ámbito profesional é moi reducida, pois limitase na actualidade a sectores ligados á Administración pública.

Ademais, cómpre facer as actuacións oportunas para ampliar os diversos rexistros da lingua galega, de xeito que todo o mundo poida sentirse identificado con algunha das súas variedades, e, xa que logo, co idioma.

6. Mellora da oferta de produtos en galego para o lecer e o consumo

É indubidable para o grupo a necesidade de contar con produtos para o lecer e o consumo en galego, de calidade e con ritmos e soportes competitivos, en relación á oferta noutras linguas.

Advírtese da necesidade de que non deben ser os organismos relacionados coa planificación e a dinamización os que creen e difundan os produtos, senón que a intervención debe orientarse cara á progresiva asunción deste papel polos seus axentes naturais, mediante as accións de promoción, incentivación e apoio oportunas.

Finalmente, chámase a atención para intervir co obxectivo de fomentar a creación dun mercado que demande estes produtos (libro, audiovisual, espectáculos...) e os consuma.

7. Mellora das actitudes

A mellora das actitudes debe centrarse, en relación a este grupo:

- No cambio da norma social que obriga ao cambio de lingua, na modificación da convención que dita cando é apropiado falar unha lingua ou outra, para que nas situacións en que as persoas poden estar comunicándose en galego sen maior problema, realmente o fagan.
- Na eliminación de actitudes diglósicas.
- Na loita contra os prexuízos que aínda existen no grupo dos bilingües: imposición, falta de comprensión por parte de galegos/as que non falan galego, falta de utilidade...
- Na utilización das compoñentes afectiva e identitaria da lingua galega, xa que boa parte deste grupo parte delas e necesita reforzalas.
- Na difusión dos dereitos lingüísticos da cidadanía, e na presentación do proceso de normalización lingüística como garante deses dereitos, da liberdade, da igualdade e da convivencia.
- Na modificación da percepción sobre as propias competencias lingüísticas do grupo, que inducen á inseguridade e, xa que logo, reducen as posibilidades da presenza do galego, nomeadamente en actividades relacionadas co mundo do traballo.
- No combate da percepción errada sobre os continuos cambios na norma, sobre a artificiosidade do galego padrón e sobre a falta de validez das diversas variedades diatópicas do galego nos niveis coloquiais.
- Na presentación de modelos e referentes actitudinais e condutuais.
- Na presentación da adquisición de competencias en galego e no aumento dos seus usos -individuais e sociais- como unha riqueza que suma, e dende logo, como contribución indispensable para asegurar o seu mantemento, sen que iso signifique eliminar ou reducir a adquisición de competencias en castelán ou noutros idiomas.

Na medida do posible as actuacións dirixidas á mellora das actitudes deben agochar o seu promotor real, que deberá cederlle protagonismo a outros axentes (da administración pública, da empresa privada, do ensino, de redes e

asociacións de tipo profesional ou cívico), para ampliar a recepción que normalmente se fai deste tipo de actuacións, que perden credibilidade ao identificaren os receptores como responsables da acción aos organismos de planificación e dinamización.

Por último, no deseño das actuacións de sensibilización, dirixidas a mellorar as actitudes, débese lembrar a máxima de que as mellores intervencións son as que non se notan.

8. Mellora dos usos

A mellora nos índices de uso da lingua galega no grupo bilingüe debe encamiñarse á modificación voluntaria e parcial das condutas.

A posibilidade de inducir pequenos cambios parciais alentados por axentes dinamizadores/as ou irradiadores/as, debe ir apoiada e abeirada en intervencións planificadas por ámbitos, buscando a ser posible, o progresivo cambio total nalgún ámbito concreto e un posterior efecto de arrastre.

En calquera caso, débese procurar que os cambios sexan o menos traumáticos posibles para as persoas, que son as que deben decidir en todo momento a súa conduta (fóra dos traballadores/as das diversas administracións públicas e das empresas concesionarias de servizos, así como de persoas en proceso de formación e educación).

Os ámbitos que semellan máis relevantes para a intervención son o mundo do traballo e o das relacións (familia, amizades...). O ámbito educativo, aínda que moi importante para as persoas entrevistadas, enténdese que está sobredimensionado: o ensino é esteo para fornecer as competencias lingüísticas fundamentais, mesmo para fundamentar boas actitudes, mais os usos lingüísticos dependen máis das relacións interpersoais (amizades) que se crean durante a etapa educativa ca dos propios usos escolares.

Particularmente interesante resulta, da análise das entrevistas:

- Aproveitar as oportunidades que poidan xurdir, especialmente no referido á aparición de situacións novas na vida das persoas: novo traballo, cambio de residencia, novas relacións, modificacións na situación familiar (nacemento e cría de fillos/as...).
- Intervir no tecido organizativo que rodee cada ámbito (por exemplo, pediatras no caso familiar, gabinetes de selección de persoal, no ámbito laboral), así como dotalo de redes de apoio ao cambio.
- O amparo legal e normativo, aínda que necesario, non abonda para que as persoas, especialmente no ámbito laboral, se vexan animadas a utilizaren o galego. Tampouco a soa creación de incentivos semella facilitar o maior uso do galego a este nivel, aínda que son ben vistas e resultan, probablemente, imprescindibles. Evidentemente, estas condicións favorables aínda teñen menor efecto noutros ámbitos, como os das relacións persoais e familiares.
- Neste senso, débense abrir novas liñas de traballo máis integrais de acollemento das persoas naqueles ámbitos onde pretendemos modificar usos de lingua: garantías de atoparen un clima favorable cara á súa conduta -ou cando menos, de non atopar pexas-, fornecelas de

argumentos suficientes para dotalas de confianza abonda para asumiren o proceso de cambio e enfrontárense a posibles críticas ou reaccións negativas; creación de redes de persoas que apoien o inicio ou consolidación dos cambios...

- Débese propiciar a creación de situacións, aínda que sexan condicións artificiais, en que as persoas ensaien o cambio lingüístico e poidan verse como primeiro paso para un proceso de cambio máis fondo.
- Aproveitar as oportunidades de incorporar os proxectos de normalización lingüística de ámbitos, organismos, etc. transversalmente noutros proxectos de organización e funcionamento deses ámbitos, como é o caso da asunción da responsabilidade social das empresas.

Débase valorar o esforzo de cambiar ao galego e os aumentos do uso do galego por ámbitos determinados, fronte a *normalidade* e a inercia de usar o castelán. Esa valorización debe resultar un estímulo, un premio, mais tamén un recoñecemento social a unha contribución ao ben e ao patrimonio colectivo. Débese facer un esforzo divulgador importante para que estas medidas de discriminación positiva non constitúan un motivo de enfrontamento coas persoas que deciden non dar o paso cara ao galego.

9. O discurso

O discurso debe renovarse:

- O ton do discurso debe ser conciliador nas formas mais contundente no fondo.
- Cómpre dotalo de novos argumentos, imaxinativos, mais claros e rigorosos.
- Cómpre transmitir mensaxes concretas, que fuxan tanto da ambigüidade (“En galego, e logo?”) como do imperativo categórico (“Fai a túa tese en galego”). As mensaxes deben ser modernas, atractivas, sedutoras.
- Cómpre transmitir mensaxes realistas, que non catastrofistas: ninguén (ou poucos) se apuntan a equipos perdedores ou a causas perdidas. Neste senso hai que insistir nos aspectos e nas experiencias favorables: o galego abre portas, o galego como factor de comunicación e convivencia, o galego como factor de promoción social, difusión de modelos...
- Débese fuxir, entre outras posibilidades, de ligar o discurso con opcións ou posicionamentos políticos, que fan que as persoas que non se identifican con elas se desboten do proceso.
- Débese ligar o galego ás teses mantidas polo ecolingüismo. En relación a ligar normalización do galego con plurilingüismo, cómpre diferenciar entre a necesidade de contarmos con meirandes competencias en galego e noutras linguas, e o que a sociedade de xeito xeneralizado demanda e o grupo estudado ratifica: un maior uso social do galego, sen fracturas sociais ou territoriais.

Como xa se dixo no apartado referido ás actitudes, os organismos planificadores e dinamizadores deben ceder o protagonismo na emisión do discurso a outros axentes, para mellorar a súa recepción e credibilidade.

Neste sentido, calquera axente que asuma o discurso da normalización lingüística pode converterse en emisor.

- Reclámase da Administración pública que cumpra o papel emisor que lle outorga o marco legal vixente, e xa que logo, que retome e difunda o discurso normalizador, en troques de espallar de novo prexuízos lingüísticos (o galego como barreira, o galego como imposición...) que tanto dano están causando, tal e como denuncian as propias persoas entrevistadas. Neste senso, a Administración e os poderes públicos deben manter un discurso que defenda con rigor os dereitos que proclama o noso ordenamento xurídico.
- Complementariamente, a Administración pública non pode reclamarlle á sociedade civil que non asuma a súa responsabilidade cara á lingua, chamando á non-resistencia á súa política lingüística. A Administración e os poderes públicos deben recuperar o consenso social sobre a lingua galega, e bogar xuntamente coa sociedade civil cara á normalización lingüística.
- Ademais, débese actuar para (seguir a) incorporar emisores do discurso normalizador: redes de empresas, redes de traballadores/as e profesionais, redes de estudantes, redes de asociacións...

Carballo, 16 de xullo de 2009